



Xuntanza da alcaldesa de Santiago de Compostela co presidente da Xunta de Galicia

2 de outubro de 2023

0. Introducción

1. Turismo sustentábel

2. Vivenda

3. Estatuto de capitalidade

4. Consorcio da Cidade

5. Infraestruturas e equipamentos

6. Parque comarcal de bombeiros

7. Estación depuradora de augas residuais (EDAR)

8. Mobilidade

9. Pacto polo rural

10. Colaboración en competencias autonómicas

0. Introducción

Santiago de Compostela reúne unha serie de circunstancias que necesariamente obrigan a considerala dun xeito diferencial. A que Otero Pedrayo cualificou como a aldea máis grande de Galicia é unha urbe de medio tamaño coas responsabilidades dunha gran cidade, principal atractivo turístico da comunidade, sede universitaria e das institucións autonómicas, ademais de referente internacional no que toca ao patrimonio e a cultura.

Os retos que afronta e os espazos de oportunidade que cabe aproveitar foron analizados en diversos foros e é xusto recoñecer que, aínda con matices, existe un amplo consenso á hora de sinalar obxectivos: no reto demográfico, a diversificación económica, as comunicacións, a sustentabilidade turística, a vivenda, os servizos básicos e a mobilidade, cunha gobernanza eficiente, dialogante e que pule pola igualdade de oportunidades.

A riqueza deses matices nunca foi un obstáculo para lograr acordos en prol de Santiago que vinculasen as diversas institucións. Grazas a un espírito de cooperación xa histórico lográronse os avances dos que hoxe gozamos en infraestruturas e dotacións e creáronse institucións como o Consorcio da Cidade, que fixo posíbel importantes transformacións.

A colaboración entre a Administración autonómica e a local foi impulsada polo diálogo permanente entre os respectivos gobernos e produciu froitos máis que destacábeis.

Nun contexto como o actual, en que nos debruizamos ante un panorama con máis esixencias que recursos, entendemos que é necesario reforzar estes vínculos e traballar de mans dadas para que a capital de Galicia volva ser referente da cooperación interinstitucional.

Ese espírito e ese diálogo cómpren tamén para que Santiago logre do Goberno do Estado a atención e os recursos para completar

con éxito as infraestruturas pendentes, caso da Estación Daniel Castelao ou da EDAR da Silvouta, ou para impulsar a creación dos xulgados de familia, de violencia de xénero e do contencioso-administrativo que demandou o Pleno do Concello nunha declaración institucional o 28 de febreiro de 2023.

A listaxe de asuntos que requiren da incontornábel colaboración da Xunta de Galicia é abondosa. Temos a seguridade de que o diálogo encauzará a súa solución. Este goberno estará sempre aberto á colaboración interadministracións para abordar os retos do futuro de Santiago.

1 Turismo sustentábel

No marco do Plan de turismo sustentábel -financiado polo Concello de Santiago, pola Xunta de Galicia e polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo-, o goberno municipal está realizando e planificando as iniciativas precisas para acadar un turismo consciente, responsábel, respectuoso coa poboación local e sustentábel no tempo.

Segundo datos oficiais, Santiago de Compostela rexistrou 1.520.132 pernoctas en establecementos en 2022, mentres que a finais de xullo de 2023 xa se alcanzaran as 797.796 (o que supón unha evolución do 9,4% no mesmo período); o Aeroporto Rosalía de Castro deu servizo en 2022 a un total de 2.121.994 viaxeiros/as (cunha evolución crecente dun 13,5%); e a Oficina de Acollida ao Peregrino entregou 438.000 Compostelas en todo o 2022, cando a comezos de outubro de 2023 xa contabilizan 380.936 (evolución do 1%). A lectura destes datos indica que Santiago está sometida a unha alta presión turística en determinados momentos, que vai en aumento ano a ano: ata 1,15 visitantes por veciño/a no mes de agosto, superando outras grandes urbes do Estado.

Ademais das accións que o Concello ten capacidade para realizar no marco das súas competencias, de cara a cambiar o actual modelo turístico e a paliar as súas consecuencias, existen outras iniciativas de carácter supramunicipal que consideramos deben ser tratadas no curto prazo. A máis perentoria é a creación dun imposto que grave as estadias -a coñecida popularmente como "taxa turística"-, e que se destine o 95% do recadado a cada un dos concellos considerados de grande impacto turístico ou de grande impacto turístico estacional, co obxecto de contribuír ao mantemento de servizos municipais e á promoción do turismo sustentábel e da súa desestacionalización.

Sobre a posíbel aplicación práctica deste tributo e a súa finalidade, remitimos documentación á Xunta de Galicia -con data do 3 de agosto- que inclúe o informe realizado polo profesor García Novoa, catedrático de Dereito Financeiro da USC, e unha proposta de proxecto de lei do imposto sobre estadias turísticas en establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de a analizarmos conxuntamente e de a someter ao debate parlamentario.

2. Vivenda

Unha das prioridades do goberno municipal é abordar as necesidades de vivenda en Santiago de Compostela mediante políticas dirixidas á formación dun parque de vivenda pública e ao aproveitamento dos inmóbeis que actualmente están desocupados.

En Santiago de Compostela existen 6.198 vivendas deshabitadas, dun total de 56.746 (INE 2023). A ausencia, nunha norma con rango de lei, dunha definición de “vivenda baleira” que determine con precisión en que condicións un inmóbel pode considerarse desocupado imposibilita a aplicación por parte dos concellos de medidas dirixidas a fomentar o seu aproveitamento. Malia a existencia dun amplo parque de vivenda baleira en Santiago de Compostela, moitas persoas que traballan ou estudan no municipio necesitan buscar alternativas habitacionais noutros concellos. Neste contexto, cómpre incorporar na Lei de vivenda de Galicia unha definición de “vivenda baleira” que lle permita ao Concello de Santiago de Compostela desenvolver un plan local para a dinamización do parque inmobiliario desocupado.

Por outra banda, é necesario actuar tamén no plano da protección do dereito de acceso para persoas con menos recursos. No Rexistro do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) figuran inscritas no primeiro semestre de 2023 un total de 826 persoas como solicitantes de vivenda pública ou con algún tipo de protección en réxime de alugueiro, compra-venda ou alugueiro con opción a compra. Porén, o IGVS puxo en marcha só dúas promocións: en Lamas de Abade e no Castiñeiriño, para construír un total de 60 vivendas, un número moi insuficiente para atender a demanda existente.

Resulta necesario, pois, que a Xunta de Galicia impulse novas promocións de vivenda pública. Un primeiro paso podería ser a materialización das previsións do planeamento urbanístico na parcela que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) posúe na avenida de Xoán XXIII, onde se prevían construír 40 vivendas dirixidas a poboación nova. Así e todo, co fin de facilitar a creación por parte da Xunta de Galicia de vivenda pública en Santiago de Compostela, o Concello podería fornecer soares da súa propiedade destinados a vivenda protexida. Existe solo de titularidade municipal dispoñíbel para este fin no SUNP-14 na zona do Restollal (3 soares aptos para a construción de 33, 39 e 39 vivendas respectivamente), no SUNP-5 en San Lázaro - A Muíña (62 vivendas) e no SUNP-22 no Castro de Abaixo

(Volta do Castro) (2 soares para 24 vivendas cada un). Algúns destes soares poderían poñerse a disposición da Xunta de Galicia para a construción de vivenda pública en alugueiro.

Alén disto, e dado que en Santiago de Compostela existe un amplo patrimonio edificado desaproveitado, resulta prioritario deseñar e desenvolver estratexias que permitan crear vivenda pública en alugueiro a través da recuperación de inmóbeis degradados na Cidade Histórica. Isto contribuirá, ademais, á revitalización dun espazo urbano cuxa función característica residencial está seriamente ameazada. Os recursos que require a posta en marcha desta estratexia son moi significativos e, xa que logo, é imprescindible a colaboración da Xunta de Galicia a través dun convenio específico. Tamén, co obxectivo concordante de rehabilitar o patrimonio edificado, se fai necesario incrementar a achega da Xunta de Galicia ao Consorcio de Santiago, entidade que desempeña un papel fundamental na rehabilitación da Cidade Histórica. Esta cuestión desenvólvese con máis detalle no capítulo 4.

3. Estatuto de capitalidade

Santiago de Compostela ten recoñecida a súa condición de capital de Galicia tanto no Estatuto de Autonomía como na Lei que regula o estatuto de capitalidade, o que lle outorga un réxime xurídico especial. Este estatuto establece unha previsión de “financiamento específico nos orzamentos da Comunidade Autónoma”, en atención, precisamente, á condición de capital e sede das súas institucións, circunstancia que implica a necesidade por parte de Santiago de Compostela de atender con maior intensidade unha serie de servizos aos que se pretende contribuír con esta previsión.

Esta contribución é fixada no seo do Consello da Capitalidade, que, en cumprimento do artigo 17 da Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela debe reunirse, cando menos, unha vez ao ano e, en todo caso, antes da aprobación por parte da Xunta de Galicia do proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.

En previsión de que o prazo para realizar análises que baseen o traballo deste Consello antes dos próximos orzamentos, o Concello de Santiago encargou unha actualización do estudo cualitativo que se realizara inicialmente en 2002 e que se tomara como referencia do cálculo dos custos. Foi realizado pola profesora María Cadaval Sampedro, membro do equipo redactor do traballo inicial que estableceu unha metodoloxía posteriormente adoptada por todos os estudos deste tipo que se elaboraron no Estado.

Este traballo, de setembro de 2023, recolle un cálculo baseado en cinco epígrafes concordantes coas determinacións do Estatuto de capitalidade: o custo de oportunidade, isto é, a cuantificación dos sacrificios económicos e sociais que debe realizar a cidade ao apostar pola reserva administrativa e renunciar a outros usos do solo e tipos de actividade por mor das obrigas da capitalidade; o custo de conxestión, referido ás dinámicas derivadas das funcións de capitalidade que agravan a sobrecarga das infraestruturas; a seguridade pública que lle corresponde ao asumir a corresponsabilidade nesta materia e na cantidade de actos protocolarios oficiais e de toda índole que se celebren na cidade; o uso e potenciación do galego e os custos derivados da representación, do mantemento e rehabilitación do patrimonio e do turismo. O resultado

do cálculo destes cinco apartados cifra a cantidade que debería recibir o Concello en 8.634.310,04 euros.

Convén lembrar que a achega económica da Xunta de Galicia non foi actualizada practicamente desde o seu establecemento, que na altura foi rebaixado con respecto á análise de custos co compromiso por parte do daquela presidente da Xunta, Manuel Fraga, de aumentala progresivamente. No exercicio 2023 o orzamento da Xunta fixouno en 2.392.425 de euros.

Se acudimos ás achegas que reciben outras cidades capitais das respectivas comunidades autónomas como transferencias incondicionadas, apréciase tamén a débil posición de Santiago:

- Pamplona: 6 millóns de euros
- Palma de Mallorca: 31 millóns de euros
- Las Palmas: 2,5 millóns de euros
- Vitoria-Gasteiz: 10 millóns de euros
- Logroño: 13 millóns de euros
- Mérida: 2,5 millóns de euros
- Zaragoza: 8 millóns de euros

Ante esta situación, o Concello de Santiago considera imprescindible corrixir o desaxuste desta compensación económica e adecuala a un cálculo actualizado e solicita a convocatoria urxente do Consello da Capitalidade para abordalo.

4. Consorcio da Cidade

O orzamento xeral do Consorcio da Cidade de Santiago ascende en 2023 a 9.639.809,46 €

O 25 de xullo de 2021 tivo lugar a última xuntanza do Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela, na que se presentou a proposta estratéxica plurianual para o período 2021-2027-2032.

ESTRATEGIA PLURIANUAL DEL CONSORCIO DE SANTIAGO 2021-2027-2032		PROPUESTA	
TOTAL ESTRATEGIA		281.562.000 €	
EJE I. MANTENIMIENTO Y RESTAURACIÓN DEL PATRIMONIO			86.822.000 €
LÍNEAS			
I.1. PLANES DIRECTORES Y PROYECTOS INTEGRALES. RESTAURACIÓN DEL PATRIMONIO CONSTRUIDO		6.322.000 €	
I.2. REHABILITACIÓN Y CONSERVACIÓN		80.500.000 €	
EJE II. COMPOSTELA CULTURAL AREA. CULTURA Y SOCIEDAD. REAL FILHARMONÍA DE GALICIA			78.840.000 €
LÍNEAS			
II.1. FINANCIACIÓN DE LA ACTIVIDAD ORDINARIA DE LA CIUDAD		6.590.000 €	
II.2. DOTACIONES CULTURALES, ESPACIOS EXPOSITIVOS, EXPOSICIONES		13.250.000 €	
II.3. MÚSICA		59.000.000 €	
EJE III. ESPACIO PÚBLICO. INFRAESTRUCTURAS. MEDIO AMBIENTE. DOBLE ANILLO			89.000.000 €
LÍNEAS			
III.1. ACTUACIONES EN EL ESPACIO PÚBLICO		59.000.000 €	
III.2. INFRAESTRUCTURAS		20.000.000 €	
III.3. CICLO INTEGRAL DEL AGUA		10.000.000 €	
EJE IV. PLANIFICACIÓN. ESTUDIOS. HERRAMIENTAS. INNOVACIÓN. FORMACIÓN. UNESCO (CIUDADES PATRIMONIO). PROYECTOS EUROPEOS. COLABORACIONES. GOBERNANZA			21.700.000 €
EJE V. CONSORCIO: FUNCIONAMIENTO ORDINARIO Y MANTENIMIENTO PATRIMONIO PROPIO			5.200.000 €
LÍNEAS			
V.1. FUNCIONAMIENTO ORDINARIO DEL CONSORCIO		17.000.000 €	
V.2. MANTENIMIENTO PATRIMONIO PROPIO		4.700.000 €	

O total do orzamento previsto nesta estratexia sitúase en 281.562.000 € para distintas intervencións que se materializarían nos seguintes 11 anos. Dese total, estimábase que en torno a 80 millóns de euros poderían ser captados de fondos europeos, como así está acontecendo. Polo tanto, as administracións consorciadas deberían achegar 200 millóns de euros en 11 anos, o que dá unha media redondeada de 18 millóns/ano. Isto supón duplicar as achegas que se realizan actualmente.

A perda de recursos do Consorcio repercute directamente no estado de conservación dos edificios monumentais, residenciais e dotacionais da cidade, e obriga a acometer as obras por fases e a resolver unicamente as urxencias sen que caiba planificar un programa de conservación e mantemento á altura do que a cidade representa.

Ademais, o mantemento e conservación dos inmóbeis que son propiedade do Consorcio (Multiusos do Sar, Palacio de Congresos, Escola de Altos Estudos Musicais...), que redundan en uso e beneficio de toda a cidade e, mesmo, de Galicia, detrae recursos para a conservación do resto de edificios monumentais.

Neste momento, a contribución da Xunta de Galicia cífrase en 2.876.413 € (1.876.413 como transferencias correntes e 1.000.000 como transferencias de capital), un 29,8 % do total.

No ano 2010, a Administración Autonómica tiña comprometida unha achega de algo máis de 4 millóns de euros, que non efectivizou. En 2012 e 2013, deixou de achegar máis de 1.500.000 € a respecto dos comprometidos. Isto deu lugar a que a Administración Xeral do Estado reducise as súas contribucións. Esta dinámica mantívose ata 2015.

De 2015 ata a actualidade, os orzamentos estabilizáronse nunha cifra máis ou menos constante que rolda os 9 millóns de €. Isto, en realidade, á vista das subidas salariais do persoal e dos custos de materiais, aprovisionamentos e servizos, supón unha perda de capacidade de investimento de entre o 15 e o 20 % nestes 9 anos.

Cómpre sinalar que o Consorcio da Cidade dedica practicamente o 50% do orzamento actual a sufragar os gastos da Real Filharmonía de Galicia, unha orquestra de carácter autonómico que reside, ademais, nas instalacións municipais.

O cadro que segue reflicte a evolución histórica do financiamento de cada Administración:

Anualidade	Estado	Xunta de Galicia	Concello
2011	7.421.300€	2.070.000€	1.554.532€
2012	6.065.480€	3.595.803€	1.462.814€
2013	5.156.080€	3.275.796€	1.361.295€
2014	4.795.150€	3.284.413€	1.361.295€
2015	4.795.150€	2.684.413€	1.361.413€
2016	4.795.150€	2.684.413€	1.361.295€
2017	4.795.150€	2.684.413€	1.361.295€

2018	4.555.392€	2.684.413€	1.406.216€
2019	4.555.392€	2.684.413€	1.406.216€
2020	4.555.392€	2.784.413€	1.406.216€
2021	4.555.392€	2.784.413€	1.393.264€
2022	4.555.392€	2.784.413€	1.393.264€
2023	4.783.160€	2.874.413€	1.406.216€

Cómpre que este organismo conte cunha maior achega por parte da Xunta de Galicia, que permita pular tamén pola contribución estatal e que faga abordábeis os obxectivos sinalados polo Real Padroado acordos coas necesidades de Compostela.

Ademais, existe unha urxente necesidade doutras obras para as que se precisan achegas extraordinarias, que son:

- As reformas necesarias no Palacio de Exposicións e Congresos de Galicia. Aproveitando o peche do inmóbel para a substitución da cuberta (orzada nuns 2.300.000 €), parecería acaído poder acometer as urxentes reformas interiores para deixar o edificio nun estado á altura da cidade que representa e que lle permita competir en igualdade de condicións cos máis senlleiros do país. Existe, ao respecto, unha demanda do sector turístico que foi ben acollida polo director da Axencia de Turismo de Galicia.
- Conxunto de San Domingos de Bonaval. Rematada a rehabilitación da ala sur para uso do Museo do Pobo Galego (cun investimento superior a 3,5 millóns de €), cómpre actuar urxentemente en toda a envolvente do conxunto, que presenta a entrada de varias vías de auga que comprometen o seu estado de conservación, a súa actividade e a súa habitabilidade. Convén lembrar que son varias as institucións usuarias e propietarias do recinto (MPG, Igrexa, Panteón de Galegos e Galegas Ilustres, Concello de Santiago, Confraría do Rosario).

En ambos os casos estanse a avaliar os custos destas intervencións, que conxuntamente superarían un investimento de 12 millóns de €.

5. Infraestruturas e equipamentos

5.1 Novo edificio para Escola Oficial do Idiomas

Propónse a adquisición e rehabilitación pola Xunta de Galicia dos edificios das facultades de Ciencias da Educación e de Enfermaría -propiedade da Universidade de Santiago de Compostela- para situar neles a Escola Oficial de Idiomas.

Esta actuación permitiría resolver as condicións actuais deste centro, que incumpren o Decreto 81/2018 de 19 de xullo de 2018 das ensinanzas de idiomas de réxime especial en Galicia, onde se determinan as características das instalacións e recursos docentes.

Na situación actual evidénciase a falta dunha sala multimedia adecuada e dotada de postos conectados á rede, dunha sala de usos múltiples para, como mínimo, 100 postos, con acústica, acondicionamento técnico e escenario apropiados para diversas actividades; illamento acústico das aulas, etc., ademais das dificultades que provoca a actual situación ao non contar cun único edificio habilitado.

Santiago de Compostela é unha cidade universitaria, cunha alta afluencia de turismo estranxeiro, cunha importante actividade comercial e de congresos e cabeceira de comarca. Mais as carencias de espazo na Escola Oficial de Idiomas só permiten impartir sete linguas, cando existe demanda doutras como o chinés, xaponés, ruso e árabe, que non se poden ofrecer.

O 19 de outubro de 2017 aprobouse no Pleno do Concello de Santiago unha declaración institucional para instar a construción do novo edificio da Escola Oficial de Idiomas e no XX aniversario deste centro a propia Xunta de Galicia e o Concello anunciaron publicamente o compromiso de dotar un novo edificio.

O Concello destinou no seu día unha parcela para este fin e propón tamén unha alternativa máis central: a súa localización nos edificios universitarios de Xoán XXIII. A Escola Oficial de Idiomas pode ser un importante elemento de dinamización e crear sinerxías coa biblioteca Ánxel Casal e co CEIP López Ferreiro, converténdose nun polo de vitalidade da zona histórica que contribúa a ocupar o centro da cidade con residentes. Os datos de alumnado son relevantes: nestes momentos están inscritos 3.050 alumnos/as oficiais, sen contar co alumnado libre, distribuído este curso en 2.455 en Vite e 595 en Sar.

5.2 Ampliación do Conservatorio Profesional de Música

Cando en 2004 se inaugurou o Conservatorio dotouse dunhas instalacións para atender 250 alumnos e alumnas. Na actualidade, a matrícula é de 461 persoas para este curso 2023-24 e mesmo quedan solicitudes en listaxe de agarda. A ampliación é cada vez máis urxente, nunha cidade que conta cunha importante actividade vinculada á música, sede da Real Filharmonía ou cunha das poucas bandas profesionais que existen en Galicia.

A ampliación do Conservatorio Profesional permitiría adaptar a oferta de formación musical regrada ás demandas reais da poboación e incrementar especialidades de música tradicional, como gaita, acordeón, órgano e percusión tradicional, polas que se ten detectado interese e que na actualidade non é posíbel ofrecer por falta de capacidade e de profesorado especializado.

5.3 Conservatorio Profesional de Danza en Santiago

Esta demanda está sustentada, por unha banda, en datos ben relevantes compilados pola Plataforma pola creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela a respecto do numeroso alumnado asistente a escolas e academias privadas e a actividades extraescolares, en Santiago e na súa contorna, e pola outra, nas máis de 5.000 sinaturas de apoio que recolleu esta iniciativa.

Tamén a Federación de ANPA -que agrupa máis de 60 asociacións- e a totalidade de sindicatos de ensino que compoñen as distintas mesas de educación secundan esta demanda para que poidan cursarse estudos de danza profesional na capital dun país que só conta con outros dous centros desta especialidade, en Lugo e na Coruña (pertencente á Deputación).

Propónse que o Conservatorio de Danza se sitúe na parcela á beira do Conservatorio de Música co fin de que poidan crearse sinerxías entre os dous centros.

5.4 Centro de saúde de Conxo

A creación dun centro de saúde cunhas instalacións adecuadas no barrio de Conxo é fundamental para completar a rede de atención primaria en Santiago e dotar esta zona dun equipamento moderno e con condicións acaídas tanto para o público da súa área de influencia como para os/as propios profesionais.

Desde o plan director de 2010 existe o compromiso da Xunta de Galicia de dotar este centro de saúde e para executar ese compromiso, o Concello reservou unha parcela que puxo no seu día ao dipor da Xunta de Galicia (Ref. catastral 6463536NH3466A).

5.5 Centro de día nas Fontiñas

Santiago de Compostela conta con máis de 24.115 persoas maiores de 65 anos (14.351 mulleres e 9.764 homes), segundo os datos do Padrón municipal. As Fontiñas, barrio transformado hai máis de 25 anos cun polígono de vivendas que acolleu daquela poboación nova, alcanzou xa unha media de idade que xera novas necesidades e precisa contar cun recurso que dea servizo ás persoas maiores que o habitan.

A dotación deste centro de día podería situarse na parcela onde se ía construír inicialmente a residencia de maiores, que finalmente se trasladou ao Castiñeiriño. Esta parcela está situada ao lado da Escola Infantil, e incluída no DOC-15 do Plan parcial das Fontiñas cuxo uso foi ampliado a asistencial por pedimento da Consellería de Política Social.

5.6 Nova escola infantil de Santa Marta

O barrio de Santa Marta é unha zona de recente expansión, que está experimentando un incremento significativo de poboación infantil e non conta coas infraestruturas adecuadas para atender este crecemento.

Faise inadiábel a construción e dotación dunha nova escola infantil pública que facilite a conciliación laboral e familiar das persoas que están habitando este barrio e lles evite desprazamentos a outras zonas da cidade, onde, por outra parte, terían que competir polas insuficientes prazas públicas dispoñíbeis.

Este novo centro servirá tamén para favorecer a reordenación do mapa escolar, unha tarefa pendente que deberá abordarse sen demora.

5.7 Cidade da raqueta

En 2019 aprobouse unha modificación puntual do planeamento municipal para albergar, xunto ao estadio de San Lázaro, un edificio con espazos específicos para a práctica de tenis de mesa, bádminton e squash, dotado con servizos, zonas comúns, que permita acoller competicións locais e tamén probas nacionais e internacionais.

O proxecto responde á reiterada demanda dos clubs e federacións deportivas que, nalgún caso, se sitúan na elite da súa disciplina, como é o caso do tenis de mesa, mais que carecen de instalacións adecuadas.

O financiamento dun proxecto destas características, cunha proxección supramunicipal, precisa da colaboración económica da Xunta de Galicia para poder efectivizarse.

6. Parque comarcal de bombeiros

Cómpre activar o acordo, comprometido no 2022, para a comarcalización do parque de Bombeiros de Santiago co obxectivo de contar cos recursos e a capacidade suficientes para a prestación do servizo contra incendios e salvamento dentro do ámbito territorial municipal e, ademais, estendelos ao resto de municipios da nosa contorna: Ames, Brión, Teo, Vedra, Boqueixón, Val do Dubra, Oroso, O Pino e Trazo.

O borrador do acordo prevía unha achega aproximada de 1.000.000 € por parte da Xunta de Galicia e outro tanto por parte da Deputación da Coruña, asumindo o Concello de Santiago a prestación co cadro de persoal actual. Tendo en conta que a fórmula prevista, a través do aumento da xornada compensado como horas extras, excede das limitacións legais e non garante unha adecuada calidade da prestación, as tres administracións deben defender conxuntamente a consideración deste parque como un novo servizo para o que atinxe aos límites da taxa de reposición de efectivos.

7. Estación depuradora de augas residuais (EDAR)

Aguas de las Cuencas de España (ACUAES) vén de licitar o contrato de execución das obras da nova estación depuradora da Silvouta cun orzamento de 53.904.036 euros (IVE excluído), o que incrementa os custos da obra a respecto da licitación inicial de 46,4 millóns de euros, que se resolveu polo incremento de cusos e outras cuestións. A achega da Xunta quedou fixada no convenio asinado 5 de febreiro de 2021 en 10,8 millóns de euros e non se alterou malia estes sobrecustos.

Tendo en conta a revisión dos prezos á alza, non parece lóxico que a achega da Xunta de Galicia permaneza conxelada mentres o Concello debe afrontar todos os sobrecustos que se produciron.

É, pois, preciso incrementar a partida económica que lle corresponde á Comunidade Autónoma para a nova estación depuradora de augas residuais de xeito equitativo e proporcionado ao investimento que van realizar tamén o Concello de Santiago e o Ministerio para a Transición e o Reto Demográfico, co fin de que estas obras poidan estar concluídas en maio de 2026 e eliminar as verteduras contaminantes ao río Sar que afectan un territorio moito máis amplo que o do concello de Santiago.

8. Mobilidade

8.1 Aumento das licenzas de taxi

As actuais 147 licenzas de taxi que existen en Santiago son insuficientes para atender a demanda deste servizo público.

O aumento do número de licenzas está totalmente xustificado posto que Compostela é un centro administrativo, cultural, comercial, sanitario e estudantil, así como un importante destino turístico e de congresos e conta co principal aeroporto da comunidade. A combinación das características anteriores provocan que a demanda sexa moito máis elevada que a oferta e, por iso, resulta necesario aprobar un aumento excepcional de licenzas por parte da Xunta de Galicia, competente na materia.

8.2 Estacionamento público no CHUS

No caso de que a ampliación do Hospital Clínico continúe adiante sen incluír a construción dun novo aparcadoiro público, Santiago estará a ser discriminada con respecto a outras cidades nas que a Xunta si construíu aparcamentos ao abeiro das ampliacións dos seus hospitais e, máis importante, agravaranse os xa importantísimos problemas de estacionamento para todas as persoas que se achegan a este centro.

É responsabilidade da Xunta de Galicia a construción dun estacionamento de xestión pública e a prezos populares nas inmediacións do Hospital -onde xa o Concello ofreceu a cesión dunha parcela- para que se resolvan os problemas de aparcamento e accesibilidade peonil que existen actualmente ao redor de toda a súa contorna.

8.3 Modificación do proxecto da vía ciclista entre o Milladoiro e San Caetano

O actual proxecto da senda entre o Milladoiro e Santiago non está, desde a nosa perspectiva, concibido como unha vía de comunicación para o fomento da mobilidade sustentábel, tal e como recollen os obxectivos do Pacto local pola mobilidade e do novo Plan de mobilidade urbana sustentábel.

Ademais dunha ruta de lecer, tendo en conta a cantidade de persoas que a diario se desprazan entre as dúas localidades por motivos laborais, de estudos etc., é necesario contar cunha vía de comunicación que permita o seu tránsito peonil e en bicicleta por un trazado cómodo e o máis curto posíbel.

Todo isto fai necesario que se considere a reformulación do proxecto para que se integre mellor coa rede viaria de Compostela e para evitar un impacto irreversible nos espazos naturais de Conxo e Sar. Ademais debe completarse e ampliarse ata a antiga estación da Sionlla para conectala coa futura Vía verde.

9. Pacto polo rural

No Pacto polo rural aprobado polo conxunto da Corporación municipal coa Federación de Asociacións do Rural de Santiago de Compostela (FERUSA) figura, entre as prioridades, a dotación das redes de abastecemento e de saneamento aos núcleos que carecen destes servizos básicos. Nese documento destácase que 90 núcleos rurais non dispoñen de abastecemento de auga nin de saneamento, 112 carecen de abastecemento de auga e 125 non teñen conexión de saneamento. Isto implica que hai lugares con grave afectación pola seca nos veráns na subministración de auga corrente.

Un informe municipal elaborado en 2021, con base nos datos fornecidos por diferentes estudos e nos proxectos xa deseñados, sitúa os investimentos necesarios para dotar dos servizos básicos de abastecemento e saneamento no territorio rural de Compostela en 49 millóns de euros, dos cales 19 millóns se inclúen nas actuacións prioritarias. Á par destas obras sinalábase tamén a necesidade de acometer outras destinadas a reparar o estado das redes existentes, mellorar o bombeo, mudar as tubaxes de fibrocemento, eliminar as drenaxes por infiltración e outras de carácter estrutural para garantir o servizo, o que situaba na altura a previsión de investimentos necesarios en máis de 160 millóns de euros. Cómpre ademais ter en conta os incrementos experimentados nos custos de materiais e man de obra desde que se elaborou a análise.

Fronte a estes datos e á evidente dificultade para que o Concello de Santiago poida afrontar nun prazo de tempo razoábel investimentos desta magnitude, é necesario que a Xunta de Galicia asuma un compromiso orzamentario para darlle solución á carencia de servizos básicos de abastecemento e de saneamento no rural de Santiago de Compostela.

10. Colaboración en competencias autonómicas

10.1 Servizo de comedores escolares

O servizo de comedores ten contido educativo, resulta crucial para a conciliación da vida laboral e familiar e é garante da aprendizaxe de hábitos de vida saudábeis e dunha acaída atención a crianzas de familias con escasos recursos. Polo tanto, é un servizo básico que debería ser universal e atendido desde a Administración competente.

O Concello de Santiago está asumindo esta competencia impropia na maioría dos centros de ensino públicos de infantil e primaria, sufragando con fondos propios uns custos derivados dos menús correspondentes a almozos e xantares, a coordinación xeral e de cada centro, a atención de monitoraxe e outros operativos como seguros e enxoval, naquela parte que non cobre a achega das familias e a escasa contribución da Xunta de Galicia.

Segundo os datos do pasado curso escolar, o Convenio da Xunta de Galicia co Concello de Santiago estipula unha achega de 0,50 euros por cada usuario/a deste servizo, mentres que o Concello ten que asumir 0,81 euros. A maiores, o Concello tamén cobre as bolsas de comedor de Benestar Social, os menús do persoal coidador asignado para cada centro e os impagados que se producen.

Cómpre que a Xunta de Galicia, como Administración competente en materia de Educación, asuma esta competencia e, entre tanto, incremente a súa achega económica.

10.2 Servizo de asistencia no fogar

Para o próxima anualidade de 2024, a achega por parte da Xunta de Galicia por cada hora efectiva de atención xustificada a persoas con programa individual de atención do servizo de axuda no fogar (SAF) será dun máximo de 12,00 euros/hora na modalidade de dependencia. No SAF básico, modalidade de libre concorrência sería 0,99 €/hora no caso de mantérense as mesmas ratios.

Segundo os cálculos do departamento municipal de Servizos Sociais o custo por hora do próximo contrato poderá alcanzar os 25 €/hora. Isto significa que o financiamento da Xunta para 2024 estará moi por baixo da porcentaxe actual que cobre o 55,77 % do servizo.

Cómpre incrementar a achega da Xunta de Galicia para a prestación deste servizo.

10.3 UMAD

O servizo de atención a persoas dependentes, como prestación sanitaria, é unha competencia da Xunta de Galicia.

O Concello de Santiago vén mantendo este servizo de maneira impropia pero resulta xa urxentísimo que sexa asumido pola Consellaría competente xa que é imposíbel para o Concello continuar dedicando fondos a esta prestación de carácter supramunicipal (atende persoas de toda a área sanitaria) e repoñer os efectivos que proximamente se xubilarán.

Para avanzar nos trámites xa se iniciaran conversas entre as dúas administracións, que é necesario retomar.